

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de marzo de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(358).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 13 de marzo de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(359).- DAR CONTA DE SENTENZAS E DECRETOS.**

Dáse contas das seguintes Sentenzas e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Expte. 7686/111. Sentenza do TSXG. Sección 2<sup>a</sup> no Procedemento Ordinario nº 4870/2012 (7686-111). Demandante: CONCELLO DE VIGO vs Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de

Galicia. Obxecto: Desestimación por acto presunto do requerimento efectuado pola XGL do Concello de Vigo o 3/8/2012 á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para o cumprimento do convenio do 31/3/2008. Desestimado o recurso.

b) Expte. 8935-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 5/2015 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> ANA M<sup>a</sup> VIEITEZ DE MATOS. Obxecto: Resolución do 14.11.2014. Axuda socio-económica de emerxencia (subministracións), solicitude do 2.7.2014. A sentenza declara satisfeita a pretensión da actuada.

c) Expte. nº 8892-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 400/14 P.A. Demandante: D. JOSÉ CARLOS HERMELO FERNÁNDEZ. Obxecto: Sanción de tráfico (Expte.: 148626931) Desestimado o recurso.

d) Expte. nº 8905-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 413/2014 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> BEATRIZ LORENZO CAAMIÑA. Obxecto: Resolución do 3.10.2014 (e 12-9-2014). Axudas de Emerxencias Sociais (alugueiros, Expte.: 95508/301). Desestimado o recurso .

e) Expte. nº 8817-111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 322/2014 P.O. Demandante: VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. Xunta de Goberno local 5.9.2014 (Expte.: 319/449 -transporte á Universidade e prezo). Modificación do contrato de servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros. O Decreto acepta o desestimento da demandante.

f) Expte. nº 8839-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 399/14 P.A. Demandante: D. RICARDO MARTÍN RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 22.8.2014. Reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.:4211/243). Estimado parcialmente o recurso.

g) Expte. nº 8528-111. Sentenza do X. Primeira Instancia nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 140/2014. Demandante: LA FE COMPAÑÍA DE SEGUROS S.A. Obxecto: Reclamación de rendas e gastos polo arredamento do edificio asefal desde o 1 de xullo de 2012 ao 13 de decembro de 2013. Estimada a demanda.

h) Expte. nº 8878-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 410/2014 P.A. Demandante: D MIGUEL ÁNGEL MERA CARIDE e outros. Obxecto: Resolución do 22.10.2014. Reclamación responsabilidade patrimonial. Expte.: 4166/243. Desestimado o recurso.

i) Expte. nº 8080-111. Sentenza do TSXG no rec. Apelación n1 15057/2014 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra sentenza estimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A nº 180/2013 P.O. Interposto polo CONCELLO DO PORRIÑO, en relación con Resolución do 2-5-

2013.Liquidación (novembro-decembro 2012) por subministración de auga (en “alta”). Estimada a apelación.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(360).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONES EN PAZ 2015”. EXPTE. 104005/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.02.15, e o informe de fiscalización do 16.03.15, dáse conta do informe da técnica de Benestar Social do 23.02.15, que di o seguinte:

*A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que: os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF. G-15924558 ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo Galego e o Pobo Saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ambos os pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais dende os campamentos de refuxiados de Tindouf a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.*

*Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, así como, sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai é unha entidade sen ánimo de lucro e a única autorizada polo goberno saharai para a realización do referido programa do que se chega ficha técnica.*

*Este proxecto veñen desenvolvendo dende hai máis de trece anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar as actitudes solidarias destes cidadáns, na medida das súas posibilidades, apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos ata a nosa cidade.*

*Para a realización de canto antecede, no orzamento de Acción Social do ano 2015 existe consignación de crédito na partida 2310.489.00.11 – convenio saharai-, por un importe de 16.000.-€*

*A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

*Neste caso, o obxecto de subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento dende Tindouf ata Vigo, de menores refuxiados do Sáhara Occidental, nenos e nenas que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, polo que, a razón humanitaria está suficientemente xustificada.*

Así mesmo, dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social do 17.03.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*I. Para dar cumprimento ó indicado no informe de fiscalización (de conformidade) de data 16.03.2015 en relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (CIF G15924558), para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz 2015”.*

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 16.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -Convenio saharauis– do orzamento vixente, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2015”»

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2015

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Maite Isla Avión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D<sup>a</sup>. Maite Isla Avión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria o 23.12.2013 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de

*Galicia con número 2004/007037 que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharauí, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí.*

*II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauís desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.*

*Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharauí son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.*

*A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharauí para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.*

*III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista.*

*Ademais, os datos dispoñibles apuntan a un incremento da demanda de familias acolledoras, quedando mesmo familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destes nenos e nenas saharauís ata a nosa cidade.*

*IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).*

*A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».*

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

*SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharauis desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:*

- 1) A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.*
- 2) A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.*
- 3) A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharauí para Galicia.*
- 4) A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».*
- 5) A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.*
- 6) A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- 7) A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.*

*TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 16.000€ (DEZASEIS MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.11 -convenio saharauis ) para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal "Vacacións en Paz 2015".*

*CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

*–Un 50% do importe total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

*–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados, tal como se indica na Estipulación oitava deste Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos.*

*QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.*

*SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*



*Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*OITAVA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, no prazo de dous meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 30 de novembro de 2015, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos.*

*Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada así como unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:*

- 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- 2. Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
- 3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*NOVENA.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante*

*orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar.*

*DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

*DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

#### **4(361).- PROGRAMA PARA XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPUESTO MUNICIPAL DE MANTENIMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EUDACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO PARA 2015. EXPTE. 16789/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.03.15, dáse conta do informe-proposta do 26.02.15, do xefe da Área de Fomento, conformado pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (art. 25.2, apartado n).*

*Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2015. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos Consellos Escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230 2120000 "Reparación e mantemento edificios colexios"), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio presupostario; no presente expediente, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/12/15. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no MANTENIMENTO PREVENTIVO dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:*

- *A UTSE (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así*

como aquelas que podan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.

- Os Consellos Escolares dos centros educativos afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN. Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os VIXILANTES-POR-TEIROS.
- Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto do Programa Autoxestión e non poda facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificadados todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizado unha Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos; Consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da "Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos", expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2015, o correspondente Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2015, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu Anexo I. A contía global anual ascende a 295.830,00 euros (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros). No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de infantil e primaria de Vigo.

De resultados do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2015 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2014), ese saldo detraeráse da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflecte no Anexo II, cun montante total de 288.031,15 euros (DOUS-CENTOS OITENTA E OITO MIL TRINTA E UN EUROS, CON QUINCE CÉNTIMOS). Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2015 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2014 + financiamento 2015). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestara intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2015, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 51 centros educativos: 7 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 43 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos) e 1 centro público de educación especial.

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2014 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2014, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014

(expte. 15776/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debe ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 51 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2014, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2014". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

–Aprobar o Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2015 (Programa Autoxestión 2015), que se achega no expediente.

–Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2014, destinando para tal fin a cantidade de 288.031,15 euros (DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL TRINTA E UN EUROS, CON QUINCE CÉNTIMOS), da partida 3230 2120000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente.

Constan no expediente informe de fiscalización do 11.03.15, e o informe complementario do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 17.03.15.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, conforme ás bases que se transcriben de seguido e os anexos I e II obrantes no expediente.

#### PROCEDemento PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2015

(Programa Autoxestión 2015)

(expte.: 16789/332

#### BASES

**PRIMEIRA.**- Destínase a cantidade de 295.830,00 euros para o ano 2015, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, editada polo servizo municipal de Educación, expte. 16026/332, sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

**SEGUNDA.**- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no Anexo I. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2015 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2014), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo

I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no Anexo II, cun montante total de 288,031,15 euros. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2015 será a indicada no Anexo I inicial (295.830,00 €), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2014 + financiamento 2015). A cantidade asignada para o presente ano 2015 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

TERCEIRA.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo periodo. Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao programa municipal de Autoxestión 2014, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifiquen gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra "Factura", co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser obrigatoriamente deste formato:

Data	fac-	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
------	------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa

presencia do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

CUARTA.- As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, expte. 16026/332. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

QUINTA.- Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento) e as que poidan supoñer ponte, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, asimesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

SEXTA.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): ..... 2 puntos
- estado xeral regular (media): ..... 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): ..... 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: ..... 2 puntos
- entre 51 e 150: ..... 5 puntos
- máis de 150: ..... 10 puntos

Superficie edificada (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 500: ..... 10 puntos
- entre 501 e 1500: ..... 15 puntos

- entre 1501 e 2500: ..... 20 puntos
  - entre 2501 e 4000: ..... 25 puntos
  - entre 4001 e 5500: ..... 30 puntos
  - máis de 5500: .....35 puntos
- Superficie terreos (m<sup>2</sup>):
- entre 50 e 1000: ..... 10 puntos
  - entre 1001 e 3000: ..... 15 puntos
  - entre 3001 e 6000: ..... 20 puntos
  - entre 6001 e 9000: ..... 25 puntos
  - máis de 9000: ..... 30 puntos

OITAVA.- O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

NOVENA.- O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

DÉCIMA.- Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo -de aprobación anual-, e Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos).

**5(362).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO DE FORMACIÓN ESTUDIOS MEGA S.L. PARA PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DOS CURSOS AFD 2015. EXPTE. 11719/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.03.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*O centro de Estudios Mega, S.L. solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o 09/03/2015, a súa colaboración para proporcionar aos estudantes dos cursos AFD 2015 o desenvolvemento das prácticas profesionais, segundo as bases reguladoras da Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2014; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.*

*Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.*

*Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade*



de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e D<sup>a</sup> Emma Martíns Garbín, Administradora de Estudios Mega, S.L., con CIF.36.964.542 e enderezo en avenida de Castrelos nº20-1º, Vigo, CP 36210, que actúa en nome e representación da mesma, para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD 2015, segundo as Bases Reguladoras do 30 de decembro de 2014.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESTUDIOS MEGA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (ACCIONS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS), segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2014.**

Vigo, X de XXXX de 2015

#### **REÚNENSE:**

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Da outra, D<sup>a</sup> Emma Martíns Garbín, Administradora de Estudios Mega, S.L., con CIF B-36.964.542 e enderezo en avenida de Castrelos nº20-1º, Vigo, CP 36210, que actúa en nome e representación da mesma, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Francisco Fernández Iñigo, por tempo indefinido, no tomo:3151, Libro:3151, Folio:217, Hoja: PO-39063, Inscripción: 1ª.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para ós efectos,

#### **EXPOÑEN**

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

*Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas Non Laborais incluídas no programa formativo dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

#### **ACORDAN**

*Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento do Módulo de Prácticas Profesionais Non Laborais no centros dependentes do Concello de Vigo.*

#### **CLÁUSULAS**

*Primeira.*- *O alumnado desenvolverá as Prácticas Profesionais non Laborais no Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución; ésta será polo tanto estritamente académica.*

*Segunda.*- *O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

*Terceira.*- *Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE*

*RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por Estudios Mega, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.*

*Cuarta.*- *De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

*A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.*

*Quinta.*- *A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.*

*Sexta.*- *Número de prazas.*

*O Concello de Vigo acollerá ata un máximo de seis alumnos de Estudios Mega, S.L. en calidade de estadaía de prácticas.*

*Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.*

Sétima.- Número de horas e horario

Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario de 08,30 a 14.30 horas, segundo acorde no seu momento Estudios Mega,S.L. e o Concello de Vigo.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

– Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

– Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

– Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

– Mútuo acordo entre Estudios Mega, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a Estudios Mega, S.L..

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2015, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

**6(363).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO DE FORMACIÓN CEICA S.L. PARA PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DOS CURSOS AFD 2015. EXPTE. 11719/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.03.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

O centro de Estudios Informáticos, Contables y Administrativos, S.L. (CEICA, S.L.) solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o 09/03/2015, a súa colaboración para pro-

porcionar aos estudantes dos cursos AFD 2015 o desenvolvemento das prácticas profesionais, segundo as bases reguladoras da Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2014; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.

Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e D. Giovanni Giardina Fernández, con DNI 3610155E, en representación da empresa CEICA, S.L., para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD 2015, segundo as Bases Reguladoras do 30 de decembro de 2014.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CENTRO DE ESTUDIOS CEICA,S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados), segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2014.

Vigo, x de xxxxxx de 2015

### REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

*Da outra, D. Giovanni Giardina Fernández, administrador do centro de estudos CEICA, S.L., con CIF B-36.858.074 y domicilio en r/ San Roque, 109- interior de Vigo, CP 36205, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Mariano Vaqueiro Rumbao, por tempo indefinido en el Tomo: 2370, Libro: 2370, Folio: 50, Hoja: PO-24321, Inscripción: 1ª.*

*Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,*

#### *EXPOÑEN*

*Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.*

*Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

#### *ACORDAN*

*Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.*

#### *CLÁUSULAS*

*Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.*

*Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

*Terceira.- Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por CEICA, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.*

*Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

*A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.*

*Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.*

Sexta. - Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá un máximo de seis (6) alumnos de CEICA, S.L. en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima. - Número de horas e horario

Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario de 08,30 a 14.30 horas, segundo acorden no seu momento Estudos Mega,S.L. e o Concello de Vigo.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava. - O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

– Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

– Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

– Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

– Mútuo acordo entre CEICA, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a CEICA, S.L.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2014, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

**7(364).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO “PROXECTO MODIFICADO Nº1 DO PROXECTO DE REFORMA DA**

## **CUBIERTA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIÓS. FASE 1". EXPTE. 2670/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19.03.15, asinado polo arquitecto técnico da Xerencia municipal de Urbanismo, o xefe da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

### I.- Antecedentes.

Con data 29 de xullo de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIÓS. FASE 1", por un importe de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL (1.680.000 €), redactado pola ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Trinidad López Rodríguez facultativo da empresa GALAICONTROL, S.L. , contratista do proxecto. (Expediente 2.670/443).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 5 de setembro de 2014, acordou entre outros asuntos a aprobación do expediente de CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIÓS. FASE 1. EXPTE. 2.540/440. O citado acordo aproba o Prego de Clausulas Administrativas Particulares (PCAP) para o desenvolvemento do citado expediente

A adxudicación da contratación, despois do desenvolvemento do proceso de adxudicación deste expediente polo procedemento aberto e ordinario, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 12 de decembro de 2014, a favor da mercantil UTE STRADIA -GPD BALAIÓS. por un prezo total de 1.136.016 euros (IVE incluído).

Con data 15 de decembro de 2014 o Concello de Vigo, asina o contrato derivado deste expediente coa mercantil UTE STRADIA - GPD BALAIÓS.

Con data 26 de decembro de 2014, procedese a sinatura da acta de comprobación do replanteo negativa, ao atoparse pendente a aprobación do Plan de Seguridade e Saude.

Con data 13 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local aproba o nomeamento da dirección facultativa a favor dos técnicos municipais Alvaro Crespo Casal e Aurelio Adán Fernández

### II.- Xustificación técnica para a solicitude de modificado:

Tralo replanteo da obra e o inicio da valoración das actuacións a executar no ámbito da cuberta da grada de Río, e realizados as comprobacións in situ, así como o análise das propostas contempladas no proxecto para a execución das actuación de colocación dunha nova cuberta dedúcese as seguintes observacións técnicas:

- A través dun análise directo sobre a propia estrutura tubular que soporta a cuberta, detectanse algúns puntos de unión nun estado de esgotamento estrutural importante. Polo tanto e necesario a realización dun novo estudo sobre os rendementos estruturais da cuberta, motivado pola aparición de estas novas patoloxías na celosía da mesma, o que indica a necesidade de adecuar a actuación na cuberta en base a :
  1. Realizar un reforzo da estrutura que soportará a cuberta, co obxectivo de minimizar os esforzos que a nova cuberta transmitirá a celosía tubular existente.

2. *Atopar unha solución técnica para a utilización dun novo material para a propia cuberta que teña unha maior capacidade estrutural.*
3. *Reforzar os puntos de anclaxe da celosía tubular a propia grada de Río.*

*Polo exposto as patoloxías descritas, así como a adecuación estrutural da cuberta coa adaptación lineal que define o propio plan director do estadio de balaidos, levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto inicial para a cuberta, optando por novas unidades que se adecuen as necesidades do pechamento da cuberta para o reforzo das inercias que xerará dita cuberta.*

*As citadas modificacións suscitadas están recollidas como posibles no Prego de Cláusulas Administrativas da obra, aprobado pola XGL en sesión do 05/09/2014. O PCAP estipula a opción para a modificación do proxecto no apartado 15 das FEC e de forma expresa (apartado 15.b das FEC) en relación coas unidades de obra relacionadas coa reparación estrutural de formigón e as unidades relacionadas coa cuberta.*

*As circunstancias que determinarán a posibilidade do modificado, de acordo co recollido no apartado 15.c das FEC, enmarcase entre outros asuntos “na aparición de patoloxías na celosía metálica de cuberta que requiran modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de inercias ou por peso do material de pechamento”.*

*Polo exposto no informe técnico, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta, resúmense na modificación das unidades de obra vinculadas co cambio da cuberta prevista, polo cal, introducíense novas unidades de obra que se corresponden coas que realmente se teñen que executar, e por outro lado procedese a eliminación das unidades de obra que non se van a aexecutar.*

*Os prezos contradictorios que propoñerá a dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do Proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e aos custos indirectos dos prezos descompostos.*

*As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas pola aparición de patoloxías na celosía metálica de cuberta que requiren modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de inercias. Así mesmo considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non ampría o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente .*

*As modificacións que se plantean non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras e as mesmas atenderán os límites establecidos no apartado 15 das FEC.*

*En tanto o Órgano de Contratación adopte a resolución que proceda sobre a proposta e se é o caso, a súa redacción e aprobación, esta Dirección Facultativa propón unha moratoria ao prazo de execución da obra.*

*Considerando necesaria unha modificación do proxecto, SOLICÍTASE, conforme ao artigo 234.3 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que rexe o contrato da obra, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*



- 1.- *Autorización para iniciar o expediente para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS. FASE 1", recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra.*
- 2.- *Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(365).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO ANO 2015. EXPTE. 6975/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.03.15, o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 24.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación do Atención Cidadá, o concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 30/01/2015, D<sup>a</sup> Ana María Gil Lodeiro, en calidade de presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF: G-36821817), achegou, a través do documento co núm. 150012762 de entrada no Rexistro Xeral, a solicitude de celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2015, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/01/2015 e o 31/10/2015.

Segundo certificación da secretaria da entidade, de data 20/01/14, para a sinatura do convenio competente a presidenta da asociación, á que o art. 30.2 dos seus Estatutos lle atribúe a atribución de "*representar á asociación perante calquera organismo público ou privado*".

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### *1. NORMATIVA APLICABLE*

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto prorrogado, aprobado por acordo plenario de 04/04/2014 (expte: 27/142)
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

## 2. COMPETENCIA MUNICIPAL

A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.

En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.

Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.

E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art.2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.

A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao lexislador estatal ou autonómico.

Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2014: Expte. Núm. 6576/320
2. Ano 2013: Expte. Núm. 6044/320
3. Ano 2012: Expte. Núm. 5767/320
4. Ano 2011: Expte. Núm. 5142/320
5. Ano 2010: Expte. Núm. 4622/320
6. Ano 2009: Expte. Núm. 3977/320
7. Ano 2008: Expte. Núm. 3464/320

Por outra banda, a Lei 7/1985 (LRBRL), na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constituían para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.

A maior abundamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades

Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, “facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal”, “achegar a xestión municipal ao cidadá”, e “fomentar o asociacionismo cidadá” (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.15º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

### *3. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA*

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario prorrogado (2015) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria e urxente do 04/04/2014 (expte: 27/142), inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, cunha dotación de 13.000,00 €

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97.

### *4. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.*

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o para o período do 01/01/15 ó 31/10/15, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.

- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- *Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.*

Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as *Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...*”.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas deportivas e culturais, educativas, sanitarias etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para subvencionar os gastos de mantemento necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, sociosanitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

##### 5. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario prorrogado (2015), inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, cunha dotación económica de 13.000 €.

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, dende o ano 2009, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

## 6. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 10.6 denominado “Asociación veciñais, consumo e usuarios sociocomunitarios: consumidores e usuarios”, co número 519/97, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co concello de Vigo, e certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, todos eles vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS.
2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 30/01/15, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos seus gastos de mantemento. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/15-31/10/15)	
Aluguer local	12.700,00 €
Subministros auga e enerxía eléctrica	840,00 €
Limpeza local	1.400,00 €
Recollida do lixo	170,00 €
Seguridade, alarma local	510,00 €
Gastos teléfono, internet e fax	1.410,00 €

Póliza seguro, subscripción prensa e páxinas amarelas	500,00 €
Gastos correo (envío circulares)	910,00 €
TOTAL	18.440,00 €

2. Escrito da presidenta da entidade, de data 20/01/15, segundo o cal a directiva da asociación acordou solicitar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Vigo no financiamento dos gastos de mantemento da entidade.

3. Certificado da secretaria da entidade, da mesma data, segundo o cal, a directiva da asociación acordou nomear a D<sup>a</sup> Ana María Gil Lodeiro, responsable da sinatura do Convenio de colaboración co Concello de Vigo. Acompáñase fotocopia do seu DNI.

4. Certificación da Xefa do Servizo de Xestión Técnico- Administrativa e Interior da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre composición da xunta directiva da entidade, de data 15/01/14.

5. Certificado da secretaria da entidade, de data 30/01/15, sobre número de persoas asociadas: 490

6. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos

7. Proxecto de actividades a realizar durante o ano 2015, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos

8. Número de conta corrente nº 2080 0552 01 3040004976 de Abanca, segundo certificación de código conta cliente, emitida pola entidade bancaria o 26/01/15

9. Declaración responsable da presidenta electa de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.

10. Autorización do representante legal da federación, de data 30/01/15, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## 7. ANTICIPO

Conforme o artigo 34.2 da LXS, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De conformidade co art. 31.6 da LSG, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previa a xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Deste xeito, e atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.



O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

En canto ao réxime de garantías para o pago anticipado, ao que fan referencia os preceptos citados anteriormente, se exonera á Asociación de amas de casa e consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria, de conformidade co disposto no artigo 42.2d) e ss. do RD 887/06.

#### *8. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN*

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

#### *9. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO*

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2015, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o

01/01/15 e o 31/10/15, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2015.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto

ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Pola súa parte, de conformidade co art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá aprobado en sesión plenario do 26/03/92, no último trimestre do ano, a asociación presentará memoria de actividades e balance económico do exercicio en vigor e proxecto de actividades e orzamento para o ano a seguir.

j) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a

presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 26/01/2015, emitido pola entidade bancaria.

#### *10. SUBCONTRATACIÓN*

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

#### *11. SINATURA DO CONVENIO*

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* (CIF.- G-36821817), por Dª Ana María Gil Lodeiro (35984887F), en calidade de presidenta.

#### *12. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN*

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

#### *13. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS*

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no

art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2015*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

### REUNIDOS

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6576/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.*

*III.- Que a entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.*
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.*
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.*
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.*
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.*
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.*
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2015, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal prorrogado, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas: "Mulleres na historia", e seguridade vial.
- Celebración do Día Internacional da Muller e asistencia ao espectáculo "Cristian Music Hall"
- Actuacións da coral da asociación ao longo do ano.
- Participación da coral no 9º festival de "Habaneiras" e no 8º Festival do ACOPOVI (IFEVI) e no "Mar de Corais"
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Visita/excursións: San Paio de Oleiros, Balneario en Penhafiel, Negreira, O Grove, Alberca, S. Cibrao das Viñas, Illas Cíes...
- Cursos: pintura, tea, ximnasia de mantemento, bailes de salón, obradoiro de teatro, pilates, avellentamento activo, adestramento da memoria, manualidades, encaixe de bolillos, tapicería e patchwork, risoterapia, manualidades de pintura, bailes de salón, e taichi
- Entroido- baile disfraces
- Xantar de convivencia.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2015, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/15-31/10/15)	
Aluguer local	12.700,00 €
Subministros auga e enerxía eléctrica	840,00 €
Limpeza local	1.400,00 €



Recollida do lixo	170,00 €
Seguridade, alarma local	510,00 €
Gastos teléfono, internet e fax	1.410,00 €
Póliza seguro, subscripción prensa e páxinas amarelas	500,00 €
Gastos correo (envío circulares)	910,00 €
TOTAL	18.440,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto as correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/01/15 e o 31/10/15, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se

coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incurrir en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á Asociación de amas de casa e consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2015.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu

- carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
  - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
  - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
  - cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
  - para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo.*
  - as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
  - non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
  - o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
  - xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
  - cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
  - cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG*

*Décimo.*- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA)*

*Décimo primeiro.*- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.*- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Décimo terceiro.*- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.*- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.*- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015

Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación de Amas de Casa e Consumo  
"Agarimo":  
A presidenta,

Ana Gil Lodeiro

**9(366).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 17 VEHÍCULOS DOTADOS DE TRANSFORMACIÓN POLICIAL. EXPTE. 34411/212.**

Visto o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do intendente-xefe da Policía Local do 4.03.15, conformado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, o concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión municipal, e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria e urxente de 22 de marzo de 2011, acordou a adxudicación a BBVA Financia Autorenting, S.A., do procedemento aberto para a contratación do suministro en réxime de arrendamento (renting) de 18 vehículos policiais, expte 34411/212, por un prezo total de 971.460,00 € ( IVE 18% incluído), por un período de catro anos, todo elo dacordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado tamén pola XGL, e a oferta presentada. A formalización do contrato en documento administrativo tivo lugar o 9 de abril de 2011.

II. Os vehículos recibíronse de xeito escalonado nas seguintes entregas:

–27/05/2011 ( 5 vehículos da clase I)

–10/06/2011 ( 5 vehículos da clase I, 1 vehículo clase IV, 1 vehículo clase V)

–30/06/2011 ( 4 vehículos da clase II)

–27/09/2011 ( 2 vehículos da clase III)

III. Na sesión do 11 de abril de 2014, a Xunta de Goberno Local Acorda:

“ I.- Modificar o contrato de suministro en réxime de arrendamento ( renting) de 18 vehículos dotados con transformación policial, formalizado o 9 de abril de 2011 e adxudicado a BBVA FINANCIÁ AUTORENTING, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión de 22 de marzo de 2011, ( expte. 34411/212), así coma a documentación de licitación, nos seguintes termos:

a) A partires do 20 de xaneiro de 2013, suprímese do obxecto contractual o vehículo da clase I ( patrulleiro sen Kit de traslado de detidos), Citroen C4 2654HDK, por perda total do mesmo a causa da caída dunha árbore, quedando a totalidade do obxecto do contrato en 17 vehículos e a relación de vehículos da clase I en 9 unidades.

b) Reducir o prezo total do contrato na cantidade de 30.428,42 €, co seguinte desglose por anualidades :

2013	2	12.043,8
2014	8	12.752,2
2015	2	5.632,3

Dita modificación foi formalizada en documento administrativo o 15 de abril de 2014.

IV. No apartado 7 das Follas de Especificacións do Contrato, estipúlase a duración do contrato en 4 anos contados a partires da entrega dos vehículos, así coma a posibilidade dunha prórroga de 6 meses sin dereito do contratista a opoñerse a ela.

V. Habida conta de que os vehículos atópanse en bo estado mecánico e estético, o servizo de mantemento dos mesmos é satisfactorio e os prezos de mercado non baixaron, resulta de indubtable interés para o servizo prorrogar o contrato de renting por 6 meses.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- O réxime xurídico aplicable ao contrato ven constituído pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e polo RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, de conformidade coa Disposición transitoria primeira do Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, cuxo tenor literal di:

.../...

2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.

Segundo.- O art. 23 da Lei 30/2007, no seu apartado 2 establece:

“ 2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el periodo de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los periodos de prórroga.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes”

O apartado 7 das Follas de Especificacións do Contrato (en adiante FEC), documento contractual preeminente do actual contrato de renting, estipula a posibilidade dunha prórroga de 6 meses sin que quepa oposición do contratista.

Asi pois, tendo en conta canto antecede e, especialmente, as datas de entrega, a prórroga do contrato comezaría e remataría nas seguintes datas:

REMATE CONTRATO	COMENZO PRÓRROGA	REMATE PRÓRROGA
26/05/2015	27/05/2015	26/11/2015
5 VEH CLASE 1	5 VEH CLASE 1	5 VEH CLASE 1
09/06/2015	10/06/2015	09/12/2015
4 CLAS 1+ 1 CLAS 4+1 CLAS 5	4 CLAS 1+ 1 CLAS 4+1 CLAS 5	4 CLAS 1+ 1 CLAS 4+1 CLAS 5
29/06/2015	30/06/2015	29/12/2015
4 VEH DA CLASE 2	4 VEH DA CLASE 2	4 VEH DA CLASE 2
26/09/2015	27/09/2015	26/03/2016
2 VEH CLASE 3	2 VEH CLASE 3	2 VEH CLASE 3

Terceiro.- De conformidade coas previsións do art. 77 da Lei 30/2007 e o apartado 9 das FEC non procede revisión de precios.

A prórroga do contrato acaba un custo total de 117.863,41 €, con IVE incluído de 18.636,45 €, co seguinte desglose:

	USO+MAN T.	SEGURO	MENSUAL	IVE	PRECIO VH	Nº VH	PRÓRROGA

	MENSUAL		SIN IVE		MES		6 MESES
CLASE 1	804,43	89,43	893,76	168,93	1.062,69	9	57.385,28
CLASE 2	893,46	94,16	987,62	187,63	1.175,25	4	28.205,92
CLASE 3	990,12	170,99	1.161,11	207,93	1.369,04	2	16.428,42
CLASE 4	1.000,20	111,85	1.112,05	210,04	1.322,09	1	7.932,55
CLASE 5	996,67	112,57	1.109,24	209,3	1.318,54	1	7.911,24
						17	117.863,41

Non entanto, ao rematar a prórroga do contrato das dúas furgonetas da clase 3 o 26/03/2016, sería imputable ao exercicio orzamentario do 2016 a cantidade de 7.849,14 con IVE incluído de 1.192,13 €.

2016	2 MESES	26 DIAS	TOTAL VEH	Nº VEH	TOTAL VEHS	IVE
	TOTAL	45,63/DIA	PRÓRROGA		2016	
CLASE 3	2.738,07	1.186,50	3924,57	2	7849,14	1.192,13

Na aplicación orzamentaria 1320.2040000 (vehículos da Policía Local) existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura ao gasto de 110.014,27 € correspondente ao ano 2015 con IVE de 17.444,32 incluído.

Cuarto. - A competencia para prorrogar o contrato de renting reside na Xunta de Goberno Local, dacordo coas previsións da disposición adicional 2ª do RDL 3/2011.

En mérito de canto antecede, previo informe da Intervención Xeral, o funcionario que suscribe coa conformidade do Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, ven en propoñer ao Concelleiro-delegado da Área de Seguridade Mobilidade, que eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO

1º.- Aprobar a prórroga por seis meses do contrato de suministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos policiais (expte. 34411/212), adxudicado na sesión ordinaria e urxente de 22 de marzo de 2011, a BBVA Financia Autorenting, S.A., e modificado posteriormente por Acordo de 11 de abril de 2014.

En consecuencia a prórroga do contrato comezaría e remataría nas datas que se detallan no fundamento xurídico segundo do informe-proposta do Intendente-Xefe da Policía.

2º.- Aprobar e dispoñer o gasto total de 117.863,41 €, con IVE incluído de 18.636,45 €, a favor da comercial BBVA Financia Autorenting, S.A, a razón de de 110.014,27 €, con IVE de 17.444,32 incluído, para o ano 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 ( renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica, onde hai crédito adecuado e suficiente, e 7.849,14 con IVE incluído de 1.192,13 € para o exercicio orzamentario de 2016 con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(367).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, SEN SER OFICIAL, CONDUTOR DE D. JOSÉ RAMÓN ALONSO GONZÁLEZ, DO SERVIZO DE TRANSPORTES, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2014. EXPTE. 26424/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado pola xefa do servizo de Transporte e polo concelleiro-delegado de Fomento, relación de don José Ramón Alonso González (nº persoal 15208), dese servizo de Transporte que utilizou vehículo lixeiro municipal sin ser oficiais conductores.*

*A instrucción terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción dun vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes.*

*Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e*

*iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación do nome do empregado municipal, matrícula do vehículo utilizado, data do servizo, lugar e motivo. En canto a que efectiva realización da actividade laboral, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.1500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, .excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Lo-*

cais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", e vistas as competencias que o sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización polos servizos prestados por don José Ramón Alonso González (nº persoal 15208) do servizo de Transporte, por condución de vehículo lixeiro municipal non sendo oficial condutor, fundamentado no informe emitido pola xefa do servizo de Transporte, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, correspondentes ao 4º trimestre de 2014, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00-"Productividade", por importe de 172,38 € (cento setenta e dous euros con trinta e oito céntimos).

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(368).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2015. EXPTE. 26426/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Febreiro de 2015, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra*

a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	118,00	474,36	40,00	108,80	583,16
Extinción Incendios	Febreiro	445,00	1.788,90	82,00	223,04	2.011,94
Policia Local	Febreiro	9.943,29	39.972,03	10.325,95	28.086,58	68.058,61
Cemiterios	Febreiro	485,75	1.952,72	0,00	0,00	1.952,72
Parque Móbil	Febreiro	32,00	128,64	40,00	108,80	237,44
Turismo	Febreiro	98,00	393,96	0,00	0,00	393,96
IMD	Febreiro	37,50	150,75	24,00	65,28	216,03
Museo	Febreiro	102,50	412,05	0,00	0,00	412,05
Limpieza	Febreiro	0,00	0,00	4,00	10,88	10,88
Parque Central	Febreiro	192,00	771,84	252,00	685,44	1.457,28
Ospio	Decembro-14	4,50	18,09	32,50	88,40	106,49
Conserxería	Novembro-14	40,10	161,20	2,86	7,78	168,98
TOTAIS		11.498,64	46.224,53	10.803,31	29.385,00	75.609,54

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policia Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, IMD, Museo, Limpeza, Parque Central, Ospio e Conserxería.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área, de data 04/03/2015.

*Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.*

*Parque Móbil.- en informes de data 03/03/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrumpido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*I.M.D.- corresponde o aboamento dacordo ao informe asinado polo Director Técnico do Instituto Municipal.*

*Limpeza.- inspección contratada de limpeza en horario fora da xornada laboral.*

*Parque Central.- en informes de data 03/03/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Museos Municipais.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.*

*Ospio.- corresponde o aboamento por ter que realizar as obras en horario nocturno pola imposibilidade de facer o corte de tráfico nos túneles en horario diurno, segundo informe da Directora Facultativa das Obras de data 13 de febreiro de 2015.*

*Conserxería.- tal e como se recolle no informe do xefe de RRPP e Protocolo de data 14 de novembro de 2014, con motivo do encontro das seleccións de Alemaña e España en Vigo e debido a ter que montar unha exposición na Lonxa do Concello.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :*

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:*

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	474,36	108,80	583,16
Extinción Incendios	Febreiro	De Alonso Barciela, Rubén a Villar Comesaña, José Antonio	1.788,90	223,04	2.011,94
Policia Local	Febreiro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	39.972,03	28.086,58	68.058,61
Cemiterios	Febreiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.952,72	0,00	1.952,72
Parque Móbil	Febreiro	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	128,64	108,80	237,44
Turismo	Febreiro	De Barreiro Fidalgo, Natalia a García Oliveira, M <sup>a</sup> José	393,96	0,00	393,96
IMD	Febreiro	De Alves Cerqueira, Antonio	150,75	65,28	216,03
Museo	Febreiro	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	412,05	0,00	412,05
Limpieza	Febreiro	De Garrido Marcos, Jesús Manuel	0,00	10,88	10,88
Parque Central	Febreiro	De Aira Pereiro, Antonio a Rodríguez Leiros, Alfonso	771,84	685,44	1.457,28
Ospio	Decembro-14	De Romero Gil-Delgado, Loreto a Ferro Macho, Ángel	18,09	88,40	106,49
Conserxería	Novembro-14	De Ocampo Carracelas, Vanesa a Parente Vigo, M <sup>a</sup> Teresa	161,20	7,78	168,98
TOTAIS			46.224,53	29.385,00	<b>75.609,54</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 75.609,54 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(369).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2015. EXPTE. 26421/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do Parque Móbil, co conforme do Xefe da Área de Fomento e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Febreiro de 2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*



O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instruccións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Mobil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos suponen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non só aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a todos os postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 cítase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.1500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE

DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Trballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Trballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 100,44 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	33,48 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	66,96 €
TOTAIS		100,44 €

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(370).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2015. EXPTE. 26423/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Febreiro-2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente*

*exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baseáse nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúen non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 cítase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidad, toxicidad e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os*

días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obras e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- "Productividade", por importe de 245,52 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes

sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	11,16 €
81662	Barros González, Delio	66,96 €
17360	Bastos Román, Jesús	50,22 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	44,64 €
80672	Martínez Barreiro, José Manuel	5,58 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	66,96 €
TOTAIS		245,22 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(371).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL QUE TRABALLOU O 24, 25 E 31 DE DECEMBRO DE 2014 E O 1 DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26428/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Por parte dos distintos servizos municipais remitiron a este servizo de Recursos Humanos, relacións do persoal que traballou os días 24, 25 e 31 de decembro de 2014 e 1 de xaneiro 2015.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos actualmente vixente, no seu apartado cuarto, letra d), establece que o persoal que traballa entre as 22'00 horas do día 24 de decembro e as 15'00 horas do día 25 decembro e, no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro por necesidades do servizo, aboaráselle como compensación unha cantidade de 130'29 €/día, segundo a redacción dada no artº 16.B).a) do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao Servizo do Concello de Vigo e o acordo do Pleno da Corporación de 31 de marzo de 2006.*

*Nos escritos dos servizos de Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento, Policía Local e Parque Central asinados polos respectivos xefes de servizo e conformados polos Concelleiros Delegados correspondentes, figura relación do persoal e datas nas que se prestou servizo e que*

dan lugar ao aboamento da gratificación contida nas instruccións citadas (24, 25 e 31 de decembro de 2014 e 1 de xaneiro 2015).

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro de 2014, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2014 e 1 de xaneiro de 2015 ao persoal dos servizos de Cemiterios, Policía Local, Extinción de Incendios e Parque Central que figura nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran nos referidos listados –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 34.396,55 €, segundo a



seguinte distribución por servizo:

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Alfonso Paz a Delmiro Vilanova Acuña	2084,63
EXTINCIÓN INCENDIOS	De Ruben Alonso Barciela a Villar Gutierrez, Alberto	11.204,94 €
POLICIA LOCAL	De José Luis Alonso Moreira a Vivero Mijares, Juan Guillermo	20.585,82 €
PARQUE CENTRAL	De Alfonso Rodríguez Leirós a Luis Comesaña Fernández	521,16 €
TOTAIS		34.396,55 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por gratificacións durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(372).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2015. EXPTE. 26422/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 02/03/2015, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Febreiro 2015, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada funda-*

mentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,

O persoal relacionado no expediente atopase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no periodo obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do negociado de cemiterios de data 02/03/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de febreiro de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nun periódicas no seu dweengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de febreiro de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.105,40 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodríguez, Jose Luis	552,70.- euros
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(373).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, NO P. A. 272/2014, SENDO DEMANDANTE D. ESTANISLAO DURÁN CALVO EN MATERIA DE INCENTIVO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA. EXPTE. 26431/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Persoal-Seg. Social, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 242/2014, de 12 de novembro, dictada no procedemento abreviado 272/2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Estanislao Durán Calvo, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

*“Que estimando como estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Estanislao Durán Calvo frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado número 272/2014 ante este Juzgado, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por silencio administrativo positivo, el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 9.015,18 euros, contenido en la petición dirigida al Concello en fecha 28.11.2013; en consecuencia, condeno a la Administración municipal demandada a estar y pasar por esta declaración y a proceder al pago de la meritada suma dineraria.”*

3.- Pola Asesoría Xurídica comunícase que dita sentenza é firme e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, polo que procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus

*dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.*

*IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2014, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 9.015,18 € con cargo a partida 22101610400 “reserva para xubilación anticipada”.*

*Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 242/14, de 12 de novembro de 2014, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 272/2014, interposto por D. Estanislao Durán Calvo, DNI 35277708-D, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 7.662,9 € (9.015,18 € principal, menos a retención de IRPF 15% 1.352,28) que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES76 2080 5047 7130 4001 3195, segundo certificación anexada ao presente expediente.*

*SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse a este Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(374).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL E SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (XGL 21/11/2014). EXPTE. 26260/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 27.02.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese neste servizo de Recursos Humanos Doc nº 140148295 de D Etelvino Perez Ruiz, Doc 140149902 de D Enrique A Fernandez Fernandez, Doc 140150709 de D Jose Manuel Lemos Abreu, Doc 140150064 de D Estanislao Duran Calvo, Doc 140153314 de D Juan Manuel Perez Rodriguez y Doc 140156209 de D Manuel Sanchez Sanchez, nos que os asinantes solicitan o aboamento do complemento de produtividade correspondente ao ano 2013 e aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 21/11/2014.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2014, acordou aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a persola de diversos servizos (Policía Local, Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento e Laboratorio Municipal) pola especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos nos informes das respectivos xefaturas:(Expte 25899-220 e rectificación de erros aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28/11/2014 EXPTE. 25926/220).

Os solicitantes, no momento da aprobación de dito expediente non manteñían vínculo de servizo con este Concello aínda que figuraban nos listados remitidos polos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento e Policía Local.

D Etelvino Perez Ruiz (NP 13936), Conductor Bombeiro do Servizo de extinción de Incendios, D Estanislao Duran Calvo, Sarxento Xefe da Parque e D Enrique A. Fernandez Fernandez causaron baixa por xubilación en datas 17/08/2013, 13/02/2014 e 8/10/2014 respectivamente

D Jose Manuel Lemos Abreu con DNI nº 44.476.872-R e nº persoal 78757 atopábase en situación de servizo activo ata 30/11/2013, no que se resolve favorablemente a súa solicitude de permiso non retribuído (resolución de data 28/11/2014. Expte 24644-220) de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo, permiso deixado sin efecto por Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal en data 15/05/2014, sendo declarado en situación administrativa de suspensión de funcións como consecuencia directa da execución da Sentenza nº 295/2013, do 31 de outubro, dictada polo Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra no procedemento penal abreviado nº 333/13

Así mesmo, D Juan Manuel Perez Rodriguez xubilouse en data 15/08/2014 e D Manuel Sanchez Sanchez autorizouse en data 1/10/2014. a comisión de servizos solicitada en escrito de data 09/07/2014 (documento administrativo nº 140085353) polo Concello de Porriño para a provisión dun posto de traballo de Oficial policía local vacante nese Concello

En consecuencia todos eles atopábanse en situación de servizo activo no ano de orixe do devengo.

Nos listados remitidos a este servizo e que forman parte inseparable do expediente 25899-220 figuran os solicitantes coas seguintes cantidades

No Documento nº140141345 ,que forma parte do expediente 25899-220, do servizo da Policía Local, onde se relacionan 216 funcionarios do Servizo da Policía Local para os cales se solicitan complementos de produtividade pola súa especial adicación e profesionalidade demostrada ao longo do ano 2013, según informe asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Area figuran D Jose Manuel Lemos Abreu. D Juan Manuel Perez Rodriguez e D Manuel Sanchez Sanchez coas seguintes cantidades.

N.P.	NOME	POSTO	SERVIZO	IMPORTE
78757	LEMONS ABREU, JOSE MANUEL	POLICIA	POLICIA LOCAL	493,65 €
76528	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	POLICIA	POLICIA LOCAL	362,01 €
76472	SANCHEZ SANCHEZ MANUEL	OFICIAL POLICIA CAL	LO- POLICIA LOCAL	479,22 €

No expediente nº 3305-213 do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacionado co

expte 25899-220, asinado polo Subxefe do Servizo e conformado polo Concelleiro Delegado da Area, se relacionan un total de 119 funcionarios do Servizo de Extinción de Incendios para os que se solicita complemento de produtividade, polo esforzo e adicación demostrado ao longo do ano 2013 dada a falta de efectivos, en funcion das xornadas traballadas e as saídas efectuadas fora do municipio, considerando a xefatura que doutro xeito non resultaría posible garantir a adecuada prestación do servizo. Neste expediente figuran os seguintes:

N.P.	NOME	POSTO	SERVIZO	IMPORTE
13.936	PEREZ RUIZ, ETELVINO	COND.BOMB	S.E.I.S	433,36 €
14.628	DURAN CALVO, ESTANISLAO	SAR, X. P.	S.E.I.S	1.242,19 €
20.787	FERNANDEZ FDEZ, ENRIQUE A.	COND.BOMB	S.E.I.S	595,87 €

A suma das solicitudes referenciadas ascenden a un total de 3.606,30 €.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Dito complemento esta destinado a retribuir entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así -non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Así mesmo, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou

apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

*“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.*

*Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,*

*/...../*

*O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a*



*productividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E

LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

As Xefaturas dos Servizos da Policía Local e Extinción de Incendios, acreditan nos informes que forman parte do expediente 25899-220 a efectiva realización dunha actividade extraordinaria desempeñada co correspondente interese e iniciativa positivos, acreditando a procedencia do recoñecemento dun incentivo ao rendemento, encadrado baixo o concepto retributivo de complemento de produtividade e propoñéndose o outorgamento do mesmo aos efectivos solicitantes e que figuran nas relacións remitidas polos estes servizos.

Sen prexuízo do antedito, deben considerarse as circunstancias especiais que afectan directamente aos servizos públicos que prestan os efectivos propostos para o aboamento de complemento de produtividade e que derivan directamente do marco legal vixente:

O artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, redactado polo número oito do artigo primeiro da lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de competencias propias, preceptuando que:

*“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:*

*/.../*

*f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.*

*/.../*

*j) Protección de la salubridad pública.*

*/.../*

*k) Cementerios y actividades funerarias.*

Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, nos anteditos acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014, acordou definir como servizos públicos esenciais, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias

municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais. Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está acreditada a efectiva realización dos mesmos por parte das xefaturas correspondentes, tal e como pode observarse nos informes dos diferentes servizos indicados.

Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas nos informes asinados polas Xefaturas dos Servizos podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.

Aos efectos de dar cumprimento ás previsións das vixentes instrucións sobre plantilla, no acordo da Xunta de Goberno de data 21/11/2014 acordáronse como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos servizos da Policía Local e Extinción de Incendios e Salvamento, os criterios obxectivos de devengo contidos nos informes asinados polas xefaturas dos servizos (Documento nº140141345 Servizo Policía Local e expte nº 3305-213 do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento) concretados en:

- reassignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.
- ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 e 2014.
- necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

En idéntica liña, e dado que as xefaturas dos servizos toman como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos, debe indicarse que a dita referencia atopa encadre no previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao prezo do valor hora.

Debe considerarse especialmente, tanto por parte da Xunta de Goberno Local como polo órgano responsable do asesoramento xurídico á mesma, o marco legal de excepcionalidade actualmente vixente en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, xa sinalado anteriormente.

En consecuencia, por parte do Servizo de Recursos Humanos estímase oportuno deixar constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asíñase sempre en tanto en canto a mesma respete os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia,

Resulta necesaria a previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 920.0150.00.00- "Productividade".

En consecuencia, vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) da Ñei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade a D Etelvino Perez Ruiz, (N.P. 13936), D Estanislao Duran Calvo ( NP 14628), D Enrique A Fernandez Fernandez (NP 20787), D Jose Manuel Lemos Abreu (NP 78757), D Juan Manuel

Perez Rodriguez, (NP 76528) e D Manuel Sanchez Sanchez, que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informes dos servizos de Policía Local (,Doc 140141345) e Extinción de Incendios e Salvamento (Expediente 3305-213), correspondentes ao ano 2013, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 3.606,30 € , en tal concepto, aos empregados municipais que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, segundo os criterios aprobados pola Xunta de Gobierno na súa sesión de data 21/11/2014 (Expte 25899-220), outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 922.0150.00.00- “Productividade”.

SEGUNDO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Xefatura do Corpo da Policía Local e do Servizo Extinción de Incendios, Concellerías-delegadas das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO I

N.P.	Nome		Servizo	Importe
13.936	PEREZ RUIZ, ETELVINO	COND.BOMB	S.E.I.S	433,36 €
14.628	DURAN CALVO, ESTANISLAO	SAR, X. P.	S.E.I.S	1.242,19 €
20.787	FERNANDEZ FDEZ, ENRIQUE A.	COND.BOMB	S.E.I.S	595,87 €
78757	LEMONS ABREU, JOSE MANUEL	POLICIA	POLICIA LOCAL	493,65 €
76528	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	POLICIA	POLICIA LOCAL	362,01 €
76472	SANCHEZ SANCHEZ MANUEL	OFICIAL POLICIA LOCAL	POLICIA LOCAL	479,22 €
				3.606,30 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(375).- PRODUCTIVIDADE DA POLICÍA LOCAL SEGURIDADE ALCALDÍA, DE D. MANUEL ANTONIO VÁZQUEZ MARTÍNEZ, CORRESPONDENTE A NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 26409/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formacion de Recursos Humanos, do 17.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

En data 4 de marzo de 2015 recíbese no Servizo de RR.HH solicitude do Xefe de Gabinete da Alcaldía, no que se indica que o funcionario D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253), membro do Corpo da Policía Local coa categoría de policía, esta a desenvolver satisfactoriamente as labours de apoio persoal no desenvolvemento das funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado a Alcaldía-Presidencia prestando as súas funcións como conductor dos vehículos da Alcaldía dende o día 7 de novembro de 2014, polo que se solicita a equiparación das súas retribucións as dos oficiais conductores de Alcaldía, polo periodo comprendido entre o 7 de novembro ao 31 de decembro de 2014.

En data 11/3/2015 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordea que por parte do Servizo de Recursos Humanos se proceda a instrucción dun expediente de asignación de complemento de produtividade destinado a D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253), polo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, entre o periodo correspondente entre o 7 de novembro ao 31 de decembro de 2014.

Ao Servizo de Alcaldía atópase adscrito un posto de "Oficial Conductor de Alcaldía", actualmente vacante por xubilación do seu titular, polo que as funcións de asistencia persoal, apoio e acompañamento no vehículo oficial estan a ser realizadas, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas da Alcaldía-Presidencia, polo funcionario do Servizo da Policía Local D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253), tal e como figura no informe do director do Gabinete da Alcaldía de data 4 de marzo de 2015.

O devandito funcionario continúa adscrito ao seu posto de traballo, percibindo as retribucións inherentes ao mesmo de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla.

Os postos 134-Policía local e 162-Oficial Conductor Alcaldía estan retribuídos no ano 2014 do seguinte xeito:

Posto	C. Destino	C Especifico
Policía	439,70 €	746,78 €
Oficial conductor alcaldía	349,93 €	996,81 €

En consecuencia, a diferenza entre ambosdous postos supón un total mensual de 160,26 € ao mes.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 26 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de

*productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devengan ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Tendo en conta que D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253), coa categoría profesional de policía local, desenvolveu funcións de oficial condutor da alcaldía durante o período 07/11 ao 31/12/2014, corresponderíalle percibir a cantidade de 288,46 € (diferencia entre o posto de policía e oficial condutor da alcaldía).*

*Polo anteriormente exposto, e segundo Instrucción de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 11/03/2015 e vistos os feitos precedentes, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, polo período comprendido entre o 07/11/2014 o 31/12/2014, a cantidade total de 288,46 € a D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253).*

*As referidas cantidades serán aboadas con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00 do vixente orzamento.*

*Á vista de todo o exposto, vistas as circunstancias anteditas e, as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria con cargo a partida 920.0.150.00.00-“Productividade”, que pola Intervención Xeral se emita, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pola técnica que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:*

#### PROPOSTA DE ACORDO

*“Aboar a D. Manuel Antonio Vazquez Martinez (nº persoal 18253), un complemento de productividade polo importe correspondente as diferenzas retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, polo período comprendido entre o 7/11/2014-31/12/2014, por un total de 288,46 €, con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00 (productividade).*

*Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e*

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(376).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓN:**

#### **A) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA O PERSOAL DA INSPECCIÓN DE OBRAS, PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2015. EXPTE. 26416/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 16.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 11/03/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal da Inspección de Obras, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Inspector Obras	Vías e Obras	11682	Villar Estévez, Raimundo
Inspector Obras	Vías e Obras	11819	Gómez Pascual, Julio
Inspector Obras	Vías e Obras	13617	Barciela Simón, Benito
Inspector Obras	Vías e Obras	11831	Matilde Viñas, Eugenio
Inspector Obras	Vías e Obras	10694	Salgueiro Piñeiro, Benigno
Inspector Obras	Vías e Obras	17740	Oujo Gerut, Ventura

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 288 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2015, para realizar os traballos de control de reparación de beirarrúas, aglomerados dos viais, colectores de saneamento e abastecemento, construción de canalizacións e acometidas de gas natural, telecomunicacións e eléctricas; rede de abastecemento e saneamento de augas; tramitación de licenzas de expedientes de canalizacións e acometidas, reclamacións de danos ou devolucións de avais; humanizacións, etc.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 12/03/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a

xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a Inspección de Obras, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
11682	Villar Estévez, Raimundo
11819	Gómez Pascual, Julio
13617	Barciela Simón, Benito
11831	Matilde Viñas, Eugenio
10694	Salgueiro Piñeiro, Benigno

17740 Oujo Gerut, Ventura

A presente autorización outórgase nun máximo total de 288 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Oficina de Vías e Obras en data 10/03/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 17.03.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **B) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA A LIMPEZA, PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2015. EXPTE. 26391/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 06/03/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Limpeza, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Operario	Limpeza	17868	Arango Fernández, Luciano
Xefe de Quenda	Limpeza	15527	Garrido Marcos, J. Manuel
Operaria	Limpeza	80684	Quintela González, Elsa
Operaria	Limpeza	80682	Riveiro Cea, Lidia M <sup>a</sup>
Operario	Limpeza	81654	Sevilla Valcarcel, Oscar



Inspector	Limpeza	15088	Sola Quiroga, José C.
Of. Conductor	Parque Móbil	80454	Puente Veiga, Alfonso
Of. Conductor	Parque Móbil	80679	Alonso González, Ángel
Of. Conductor	Parque Móbil	15450	Quintas Pérez, Manuel

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 432 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2015, para realizar os traballos de limpeza que non é posible realizar no horario normal da quenda de mañá pola influencia que teñen sobre o tráfico rodado e peonil, e os problemas de seguridade vial que inducirían.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 09/03/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos

servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Limpeza, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
17868	Arango Fernández, Luciano
15527	Garrido Marcos, J. Manuel
80684	Quintela González, Elsa
80682	Riveiro Cea, Lidia Mª
81654	Sevilla Valcarcel, Oscar
15088	Sola Quiroga, José C.
80454	Puente Veiga, Alfonso
80679	Alonso González, Ángel
15450	Quintas Pérez, Manuel

A presente autorización outórgase nun máximo total de 432 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Limpeza en data 06/03/2015 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 13.03.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**C) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS, PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2015. EXPTE. 26386/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 11.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 03/03/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do Taller de Vías e Obras, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Capataz	Parque Central de Servizos	13669	Martínez González, José Manuel
Capataz	Parque Central de Servizos	13681	Rodríguez Prieto, Federico
Capataz	Parque Central de Servizos	17348	Mariño Sanromán, Roberto
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	78823	Amoedo Cabaleiro, José Luis
Oficial fontaneiro	Parque Central de Servizos	13787	Domínguez Alonso, Daniel
Oficial fontaneiro	Parque Central de Servizos	17779	Vázquez de Francisco, José Luis
Xefe de Equipo	Parque Central de Servizos	13480	Alonso Correa, José Fernando
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	80395	Portomeñe Correia, Lucía
Oficial carpinteiro	Parque Central de Servizos	79148	Fernández González, Miguel Angel
Oficial carpinteiro	Parque Central de Servizos	77221	Castro Regueira, José Carlos
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17360	Bastos Román, Jesús
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	76566	López Rivera, Juan Ramón
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17390	Alonso Cue, Ángel
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	81662	González Barros, Delio
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	80672	Martínez Barreiro, José Manuel
Xefe de Equipo	Parque Central de Servizos	79133	Calles Santos, Primitivo
Oficial Albanel	Parque Central de Servizos	80492	Martínez Vieitez, José Manuel
Axudante de Oficios	Parque Central de Servizos	82150	Gutiérrez Luis, José Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	77650	Fernández Riveiro, Javier
Oficial conductor	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial conductor	Parque Móbil	13221	Prieto Domínguez, Florentino
Oficial conductor	Parque Móbil	15881	Alonso Iglesias, Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	82143	Graña Feijoo, David
Oficial conductor	Parque Móbil	82144	Troncoso Martínez, Avelino
Oficial almaceneiro	Parque Central de Servizos	11854	Rodríguez Lestón, Bernardo
Xefe de equipo	Parque Central de Servizos	17354	Pérez Fernández, José Alfonso

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 1.050 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2015, para canalización de augas pluviais, arranxo de afundimentos en calzadas e beirarrúas, limpeza e desatoamento de reixas e entubados de augas pluviais, selado de camiños despois do asfaltado, subministro de materiais e apoio loxístico equipos programa VIGO EMPREGA, Retirada de rebouzas dos camiños, colocación de placas e bastidores para inauguracións, Inspección de traballos contratados externamente e Estendido de sal por mor das xeadas.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 06/03/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

#### RECURSOS HUMANOS

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na

medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, que seguidamente se indica:

Nº Persoal Apelidos e Nome

13669	Martínez González, José Manuel
13681	Rodríguez Prieto, Federico
17348	Mariño Sanromán, Roberto
78823	Amoedo Cabaleiro, José Luis
13787	Domínguez Alonso, Daniel
17779	Vázquez de Francisco, José Luis
13480	Alonso Correa, José Fernando
80395	Portomeñe Correia, Lucía
77221	Castro Regueira, José Carlos
17360	Bastos Román, Jesús
76566	López Rivera, Juan Ramón
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo
17390	Alonso Cue, Ángel
81662	González Barros, Delio
80672	Martínez Barreiro, José Manuel
79133	Calles Santos, Primitivo
80492	Martínez Vieitez, José Manuel
82150	Gutiérrez Luis, José Manuel
77650	Fernández Riveiro, Javier
80659	Carballo Magariños, Jesús
13221	Prieto Domínguez, Florentino
15881	Alonso Iglesias, Manuel
82143	Graña Feijoo, David
82144	Troncoso Martínez, Avelino
11854	Rodríguez Lestón, Bernardo
17354	Pérez Fernández, José Alfonso

A presente autorización outórgase nun máximo total de 1.050 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 31 de xuño de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 03/03/2015 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos

Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 13.03.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **D) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, PARA OS MESES DE FEBREIRO E MARZO DE 2015. EXPTE. 7298/113.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 06/03/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para empregado, don Luis Iglesias Rejas (Nº Persoal 22390), asinada polo xefe adxunto do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas durante os meses de febreiro e marzo de 2015.

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 32 horas, para adaptación dos sistemas existentes na actualidade para a tramitación administrativa e a integración coa nova arquitectura contable proposta pola empresa propietaria do programa que da soporte a contabilidade municipal.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 06/03/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral a don Luis Iglesias Rejas (nº persoal 22390), funcionario adscrito ao servizo de Administración Electrónica.*

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 32 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de febreiro ao 31 de marzo de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe adxunto do servizo de Administración Electrónica en data 02/02/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá*

superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 13.03.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **E) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FÓRA DA XORNADA LABORAL PARA A OSPIO, PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2015. EXPTE. 26390/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 11.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 04/03/2014 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para a Oficina de Proxectos (OSPPIO), asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Axudante de Oficinas	Ospio	79185	Ferro Macho, Ángel
Inspector Obras	Ospio	17489	Lobato Cameselle, Ricardo
Inspectora control concesionarias	Ospio	78929	Romero Gil-Delgado, Loreto
Inspector de Vías y Obras	Ospio	13273	Rial Vázquez, Ramón

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 192 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2015, para realizar os traballos de inspección e control das distintas humanizacións da cidade.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 09/03/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de



que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
79185	Ferro Macho, Ángel
17489	Lobato Cameselle, Ricardo
78929	Romero Gil-Delgado, Loreto
13273	Rial Vázquez, Ramón

A presente autorización outórgase nun máximo total de 192 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Oficina de Proxectos en data 04/03/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 13.03.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **20(377).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. EXPTE. 92069/210.

Visto o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.03.15, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*Segundo consta no expediente de referencia, a ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CIF P-3600009-I constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201500003061 de data 15/01/15, para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración DAS FESTAS DE SAN BRAIS realizadas en datas do 16 de xaneiro até o 03 de febreiro do ano en curso na parroquia de Bembrive.*

*En data 10/02/15, o alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive en número de documento 150016773 solicita a devolución da citada garantía.*

*Solicitado informe ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo, informa en data 11/03/15 “, que deberá de descontarse do mesmo a cantidade de 355,00 € correspondentes á rotura dunha canaleta prefabricada de formigón”*

Con data 19/03/15 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa que non procede á devolución da totalidade da garantía polos danos causados , debendo descontarse a cantidade de 355,00 € correspondentes á rotura dunha canaleta prefabricada de formigón”.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Que de conformidade co disposto na lexislación contractual e na reguladora das Facendas Locais vixente, se devolva a “ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CIF P-3600009-I ” parte da garantía constituída 1645 € a devolver, segundo a carta “Manoif” num.3061/15 de data 15/01/15 , procedendo a incautar un total de 355,00 € polos danos causados segundo queda acreditado no informe do sr. Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(378).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 4366/336.**

Visto o informe xurídico do 2.02.15, o informe de fiscalización do 4.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 16.03.15, conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

*Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .*

*O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.*

*Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2015.*

*O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .*

*O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.*

*Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.*

*Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de po-*

tenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2002 ata o 2014, contando neste momento con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 20.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano 2015. Esta subvención cun importe de 20.000 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, dado que dende o seu inicio é a entidade encargada de organizar esta actividade.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:” Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000€ a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF V- 36.627.495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370-489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (10.000€) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estrictamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, Don Don Pablo Javier Paz Pérez D.N.I 36083678J, como presidente da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF V36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización infantil-xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*V.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4366/336.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, esta e o Concello de Vigo, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil proposto e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento programa de Dinamización Infantil e, concretamente, a:*

*1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 6 e 12 anos, como mínimo.*

*2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

*4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

*5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.*

*6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Garantir a prestación adecuada do programa de Dinamización Infantil. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 20.000,00 € pola organización e desenvolvemento do programa Dinamización Infantil durante o ano 2015, destinada a nenos e nenas de 6 a 12 anos que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e en vacacións escolares en horario de mañán. A aplicación presupostaria será con cargo á partida 3370.489.00.04 "Subvención do programa de Dinamización Infantil de Coruxo" do orzamento do ano 2015.

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 625€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).*

*Noveno.- A Asociación Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada. Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*



*Se a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 23 de decembro do 2015.*

*A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

*Décimo terceiro.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notifica-*

*cións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo.*

## **22(379).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2015. EXPTE. 4371/336.**

Visto o informe xurídico do 3.03.15, o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do 6.03.15, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*En base á instrución 1/2014 acerca da aplicación da Ley 5/2014, de 27 de maio, de medidas urgentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, en relación coa citada ley 27/2013, a Administración municipal ten competencia para proceder á tramitación deste expediente.*

*O Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, propónse como un dos seus obxectivos fomentar a participación xuvenil dos/das mozos/as dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte de colectivos xuvenís e consecuentemente, a súa óptima integración na sociedade.*

*Nesta liña a Concellaría de Xuventude propón a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a realización de programas e proxectos xuvenís de interese xeral, dentro dos límites que determina o seu orzamento e garantindo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo ao contido do disposto nas leis 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2015 consignan, na partida orzamentaria 3370.489.00.00, "Subvencións para o fomento de actividades xuvenís", un crédito por un importe total de 7.000€, que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, pretende destinar á actuación de colaboración na financiación de actividades xuvenís na cidade de Vigo.*

*Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.*

*A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2015; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En atención a especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.*

*Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

*PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2015.*

*SEGUNDO: Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 7.000€ con cargo á partida orzamentaria 3370.489.00.00 "Subvencións para o fomento de actividades xuvenís", do vixente orzamento.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, conforme as bases que se transcriben de seguido e os dez anexos que obran no expediente.

### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. CONCELLARÍA DE XUVENTUDE. 2015**

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.*

---

*En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2015 consignan, na partida orzamentaria 3370.489.00.00 "subvencións para o fomento de actividades xuvenís", un crédito por un importe total de 7.000€ ( sete mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, tal e como dispoñen os artigos 8 da LXS e 5 da LSG.*

*As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

*O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2015.*

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen nas entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2015.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 7.000 Euros (sete mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2015; 3370.489.00.00 "Subvención para o fomento de actividades xuvenís". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, deberá tramitarse o correspondente expediente de gasto que será obxecto de fiscalización e ademais, este incremento de crédito non poderá tramitarse unha vez aprobada a concesión de axudas.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar a Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as\* -100% da xunta directiva- que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).

\* Entenderase que, neste caso, a idade máxima para ser considerado/a mozo/a será de ata 35 anos, incluídos.

c) Grupos de mozos/as non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.
- Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as (en aplicación dos artigos 8.3 da LSG e 11.3 da LXS).
- Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.
- A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.
- As entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.
- Entidades sen ánimo de lucro cuxos fines e principios poidan implicar algún tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social.
- As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.

- *As entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
  - *Entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido.*
  - *E, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.*
- 3.- *Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*
- 4.- *Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*
- 5.- *Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.*

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

*Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

- 1º.- *Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
- 2º.- *Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- 3º.- *Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*
- 4º.- *Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*
- 5º.- *En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

*Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 11 puntos:*

*Valorarase ata un máximo de 11 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:*

- 1.Aspectos da entidade..... Máximo 2 puntos

<i>Experiencia e traxectoria ( 0.02 /mes)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Número de socios/as (0.010 /10 socios)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>

*2.Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos*

<i>Calidade e solidez do proxecto en conxunto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Fundamentación e estrutura do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Adecuación do proxecto coas necesidades da mocidade actual</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
<i>Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.</i>	<i>Máx.1 punto</i>

*3.Recursos e financiamento.....Máximo 1 punto*

<i>Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento público ou privado (0.20/cada entidade patrocinadora)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
---	---------------------

- Emprego lingua galega.....Máximo 1 punto*

<i>Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
--	---------------------

*Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3 puntos non se considerarán subvencionables.*

*Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.*

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.**

*O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en base a proporción valor/punto resultante da suma das puntuacións individuais acadadas no proceso de avaliación -que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior- e da contía total prevista para as subvencións.*

#### NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio publicarase ademais nas webs de vigo.org e de xuventudevigo.org facendo constar a data de publicación no BOP e o prazo concreto para presentación de solicitudes.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e na web da Concellería de Xuventude ([www.xuventudevigo.org](http://www.xuventudevigo.org)).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

#### 4. Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

a) Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1
b) Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b.
c) Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2.
d) Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4.
e) Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5.
f) Certificados orixinais ou copias de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa Seguridade social.
g) Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no <u>anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se</u>



<i>describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</i>
<i>h) Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.</i>
<i>i) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante e fotocopia dos estatutos da entidade.</i>
<i>L) Declaración de compromiso do/a representante de que presentará no seu momento a xustificación da subvención no prazo establecido.</i>

1) Grupos de mozos/as:

a)	<i>Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1</i>
b)	<i>Relación detallada e asinada por todos, das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...). Engadirase a esta relación a fotocopia do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.</i>
c)	<i>Certificados orixinais ou copias, de todos os membros do grupo, de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria.</i>
d)	<i>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo na que expresamente se manifeste:</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.</i></li> <li>• <i>Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.</i></li> <li>• <i>Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</i></li> </ul>
e)	<i>Certificado orixinal da entidade bancaria indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.</i>
f)	<i>Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</i>
g)	<i>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</i>
h)	<i>Declaración conxunta de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI)</i>

<p>e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizarase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.</p>
--

#### DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da LSG sobre emenda da solicitude e, no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación( vía correo ordinario ou correo electrónico), coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que aparece publicada, e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude– Concello de Vigo”.

#### DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Concellería de Xuventude, como órgano instructor, elevará informe de concesión coa proposta de resolución das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada que será a encargada de aprobar a proposta de resolución correspondente.

Así mesmo en previsión do artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos para acceder a elas.

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión e así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo en aplicación e amparo do artigo 116.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concillería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

*Os/as beneficiarios/as non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada segundo o disposto no artigo 27.1 LSG.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

*Os/ as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado a través do Rexistro do Concello nos 20 días naturais posteriores a comunicación oficial da concesión de subvención e, así mesmo, o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, as subvencións deberán xustificarse dentro do ano 2015 e o prazo de xustificación deberá ser antes de rematar a segunda semana de decembro de 2015. ( Artigo 12, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira e Base 38ª.11 das de Execución do Orzamento de 2013).*

*Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.*

*Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:*

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluíranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).*
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:*

A7	<i>Relación de facturas presentadas como xustificación.</i>
A8	<i>Certificado da veracidade das actividades realizadas.</i>
A9	<i>Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.</i>
A10	<i>Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria, Concello de Vigo e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).</i>
11	<i>No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u></i>

*–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada, pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención, foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de.....euros.*

*Esta documentación presentarase coas seguintes especificidades:*

*1º.- As facturas serán orixinais polo importe da subvención outorgada e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

*2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponíble do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.*

*3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*–Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Consellería de Xuventude e emitirase informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas*

*aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

#### **VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

*Perda do dereito ao cobro:*

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:*

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigador de xaneiroia.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

#### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS**

*Tanto as bases e a convocatoria como cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### **VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2015, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

### **23(380).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.